

**Ana Patricia Torres Madureira**, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN RELATIVA O SUPERÁVIT ORZAMENTARIO DO ANO 2024**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

**Exposición de motivos:**

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Na mencionada Disposición tamén viña regulado que cando as corporacións locais despois de atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que lle resulte de aplicación, tendo o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas o exercicio anterior e destinara o saldo correspondente para amortizar as devanditas obrigas para que non se incorra en treminos de déficit, o restante saldo positivo poderase destinar a financiar inversións sempre que esta sexa financeiramente sostible.

Esto punto dalle os concellos e deputacións a oportunidade de facer investimentos en Saneamento, abastecemento e distribución de augas, recollida, eliminación e tratamento de residuos, iluminación pública, protección e mellora do medio ambiente, mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos, industria, enerxía, comercio, promoción turística, etc...

Dada a actual situación financeira de deputacións e concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que concellos e deputacións poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula as de regras especiais para o destino do superávit orzamentario.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguinte

#### **ACORDO:**

1. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentarias e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para



DEPUTACIÓN  
DE OURENSE

o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións financeiramente sostibles ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

Ourense, 13 de marzo de 2025.

44468060K

ANA PATRICIA

TORRES (R:

V32237471)

Firmado digitalmente

por 44468060K ANA

PATRICIA TORRES (R:

V32237471)

Fecha: 2025.03.12

13:01:05 +01'00'

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**